

**ADDENDA AO CONVENIO, ASINADO O 29 DE DECEMBRO DE 2022, ENTRE A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA) E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA A HABILITACIÓN DUN ESPAZO COMÚN PARA CLÚSTERES (AT CLÚSTERES ESPAZO GALICIA)**

**REUNIDOS**

Por unha parte, o INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (en diante, Igape), con domicilio en Santiago de Compostela, Complexo administrativo de San Lázaro, s/n e NIF Q6550010J; representado neste acto por Covadonga Toca Carús, na súa calidade de directora xeral, facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

E doutra parte, a FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (en diante, Feuga), con domicilio social en Santiago de Compostela, rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n e NIF G15051667; representada neste acto por D. Francisco Javier Pereiro Pérez, director xeral, con poder abondo para este acto en virtude de escritura pública outorgada o 19 de outubro de 2009 ante a notario do Ilustre Colexio de Galicia con residencia en Ferrol Dona Susana Ortega Fernández, número 963 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

**EXPOÑEN**

I. Que o 29 de decembro de 2022 o Igape e Feuga formalizaron un convenio para a habilitación dun espazo común para clústeres (AT Clústeres Espazo Galicia), vixente ata o 30 de decembro de 2025, agás no referido ao período de gastos atendibles, vixente ata o 31 de outubro de 2025.

II. Que no devandito convenio se establece que poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

III. Que a existencia dun espazo de traballo compartido resultou ser un estímulo moi apreciado polas organizacións residentes en canto que facilita o coñecemento mutuo, a colaboración e as sinerxías intersectoriais.

IV. Que, ademais de acordar a prórroga, as partes consideran conveniente precisar e adaptar o clausulado do convenio asinado o 29.12.2022 para:

- a. Corrixir unha errata material no Anexo I, facendo común a actualización anual por IPC para todos os apartados da *Habilitación do espazo físico compartido*.
- b. Axustar o réxime dos consumos eléctricos e de climatización, que pasarán a repercutirse por contador individual a prezo de custo, por razóns de transparencia e adecuación a custos reais.
- c. Clarificar a operativa de actualización de prezos preservando os importes máximos e porcentaxes xa previstos no convenio.

Todo iso ao abeiro do disposto na Cláusula Décima (Modificacións) do convenio, orientado á estabilidade orzamentaria e sustentabilidade do proxecto.

V. Que tanto Feuga como Igape están conformes con esta ampliación do convenio dado o éxito obtido durante a súa vixencia con arranxo ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.

Prorrógase a vixencia do convenio entre o Igape e Feuga para a habilitación dun espazo para clústeres (AT Clústeres Espazo Galicia) por un período igual ao da inicial, desde o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro de 2028, no que se refire aos gastos atendibles.

### Segunda.

As actuacións obxecto do convenio sinaladas na cláusula terceira, materializaranse durante os anos 2025, 2026, 2027 e 2028, por un período máximo de 3 anos desde a sinatura da prórroga.

### Terceira.

Para o período obxecto de prórroga (do 31 de decembro de 2025 ao 30 de decembro de 2028, agás no referido ao período de gastos atendible), modifícanse as cláusulas cuarta e quinta e o Anexo I do convenio, sendo substituídas polas seguintes en aras á maior claridade:

#### a) **Cláusula Cuarta. Gastos atendibles**

*"Con carácter xeral considéranse gastos atendibles, aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio cos requisitos seguintes:*

- a) Os gastos deberán realizarse no ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2028.*
- b) Só se aboaran gastos asociados ao convenio para aqueles meses naturais nos que estean establecidos cando menos catro clústeres empresariais nas instalacións de Feuga e ata un máximo de oito clústeres.*
- c) O Igape farase cargo dun máximo dun 50% dos gastos variables e do 15% dos gastos fixos totais das actividades obxecto do convenio, sendo os restantes gastos asumidos por Feuga.*
- d) Os gastos consistirán na diferenza entre as tarifas estándar de Feuga para a utilización dos seus medios e os custos aplicados aos clústeres establecidos nas instalacións de Feuga excluindo o IVE. Esta diferenza recóllese na memoria económica deste convenio (anexo II). "*

#### b) **Cláusula Quinta. Compromisos do Igape**

*"Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá durante os anos 2025-2028 cun máximo de 50.816,91 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1-741A-6418. O anexo II "Memoria económica" detalla esta contribución.*

Partida	2025	2026	2027	2028
09.A1 741A 6418	2.823,16 €	16.938,97 €	16.938,97 €	14.115,81 €

*Feuga carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.*

*Igape comprométese a colaborar e, no seu caso, dar o visto e prace ás actuacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena sobre as propostas realizadas por Feuga, en particular no referido a actividades de formación e innovación e transferencia tecnolóxica segundo o recollido no Anexo I.*

*Así mesmo, de ser o caso, deberá especificar a participación nas actividades públicas ao abeiro do convenio dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio Igape, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.*

*No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos."*

### **c) Anexo I Detalle de actuacións conxuntas do convenio**

No apartado Habilitación do Espazo físico compartido introdúcense as seguintes modificacións:

**C.1)** No punto Terceiro.- Outros servizos, suprímese o epígrafe I ("Os prezos sinalados no presente apartado terán actualización anual segundo o IPC"), e substitúese por unha Disposición común de actualización de prezos aplicable aos tres apartados (Primeiro – Despachos, Segundo – Sala de co-working e Terceiro – Outros servizos) coa seguinte redacción:

*"Todos os prezos de mercado e tarifas estándar recollidos nos apartados Primeiro, Segundo e Terceiro actualizaranse automaticamente o 1 de xaneiro de cada ano segundo o IPC xeral de Galicia (INE) do último dato anual dispoñible."*

**C.2)** Substitúese a frase do último parágrafo do punto Segundo.- Sala de Co-working, que indica que "Os arrendamentos... incluirán... consumos eléctricos e climatización" por esta outra:

*"Os arrendamentos incluirán os gastos de mantemento, limpeza, reparación e seguro de responsabilidade civil. O consumo eléctrico e de climatización, medido por contador individual en cada despacho, facturarase directamente por Feuga a cada clúster a prezo de custo segundo facturas do comercializador, fóra do ámbito do convenio e sen computar para os efectos do cálculo da achega do Igape."*

### **Cuarta.**

En todo o non previsto nas cláusulas anteriores, permanecen vixentes e inalteradas as cláusulas do convenio subscrito o 29 de decembro de 2022.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **Única. Salvagarda orzamentaria**

Sen prexuízo da actualización por IPC, a achega total do Igape non poderá exceder os importes máximos anuais e global fixados na cláusula quinta. De producirse exceso por aplicación de IPC ou polo número de clústeres, a achega minorarase proporcionalmente mantendo as porcentaxes 50%/15%.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda o 24 de novembro de 2025.

Polo Instituto Galego de Promoción Económica

Pola Fundación Empresa-Universidad Gallega

Covandonga Toca Carús  
Directora xeral

Francisco Javier Pereiro Pérez  
Director Xeral



**ANEXO II**  
**MEMORIA ECONÓMICA actualizada a 2025**

Espazo	Número usos mes	Prezo de mercado	Custo total mes	8 clústeres	Diferencia	IGAPE	FEUGA
<b>VARIABLES (50%/50%)</b>			<b>3.016,00 €</b>	<b>1.328,00 €</b>	<b>1.688,00 €</b>	<b>844,00 €</b>	<b>844,00 €</b>
Despachos individuais	8	264,97 €	2.119,76 €	1.328,00 €	791,76 €	395,88 €	395,88 €
Co-working (posto)	8	112,03 €	896,24 €	0,00 €	896,24 €	448,12 €	448,12 €
<b>FIXOS (15%/85%)</b>			<b>3.783,87 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>3.783,87 €</b>	<b>567,58 €</b>	<b>3.216,29 €</b>
Sala de reunións	30	38,16 €	1.144,80 €	0,00 €	1.144,80 €	171,72 €	973,08 €
Seminario	15	158,98 €	2.384,70 €	0,00 €	2.384,70 €	357,71 €	2.027,00 €
Aula 2	1	254,37 €	254,37 €	0,00 €	254,37 €	38,16 €	216,21 €
<b>Total mes</b>			<b>6.799,87 €</b>	<b>1.328,00 €</b>	<b>5.471,87 €</b>	<b>1.411,58 €</b>	<b>4.060,29 €</b>
Aportación 36 meses de convenio:						<b>50.816,91 €</b>	<b>146.170,42 €</b>
						25,80%	74,20%
Total convenio:						<b>196.987,32 €</b>	

*Nota: custos sen IVE*